

Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SALCEDA DE CASELAS

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN ESPAZOS DE USO PÚBLICO*

#### *ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA*

Por Acordo do Pleno de data 29/10/2020, aprobouse definitivamente a Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público, o que se publica aos efectos dos artigos 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

#### **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN ESPAZOS DE USO PÚBLICO**

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

A presente ordenanza ven a regular dentro da esfera da competencia municipal e ao abeiro do establecido na Lei 7/1985 de bases de réxime local e na Lei 33/2003 de patrimonio das administracións públicas, a instalación de terrazas de hostalaría e restauración ubicadas en dominio público ou en espazos privados de uso público dentro do Concello de Salceda de Caselas.

O Concello de Salceda de Caselas, considera necesario establecer unha regulación que garanta unha correcta convivencia dos intereses públicos que conflúen, que se adapte á realidade e os novos tempos e que permita un mellor aproveitamento da sinerxía tan positiva que este tipo de instalacións xeran entorno ao emprego, a economía, o turismo e o ocio alternativo.

Certamente, as terrazas contribúen ao esparexemento das relacións sociais e favorecen a proxección da imaxe aberta, dinámica, vitalista e acolledora da nosa vila polo que non podemos ser alleos ás sinerxías que estas instalacións xeran en torno ao emprego, á economía e ao turismo. Pero, ao mesmo tempo, este aproveitamento debe realizarse dunha forma ordenada, polo que se fai preciso establecer a regulación e os límites do seu exercicio co fin de garantir a protección dos dereitos dos cidadáns relativos ao uso dos espazos públicos, á seguridade pública, á tranquilidade, o descanso e á accesibilidade, así como á protección do medio, da paisaxe urbana e das características propias da nosa vila e de cada unha das súas zonas.

A instalación de terrazas na vía pública constitúe un uso común especial normal dos bens de dominio público que, segundo o disposto no artigo 41 da lei 9/2013, do Emprendemento e da Competitividade económica de Galicia, se suxeitará a previa obtención de licenza municipal, en atención á concorrencia de razóns de interese xeral derivadas da necesaria protección da



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

seguridade e saúde pública, dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, do mantemento da orde pública, así coma da axeitada conservación do medio ambiente e do patrimonio histórico artístico. Por iso, este tipo de aproveitamentos requiren dunha ordenación que regule o seu funcionamento para que os establecementos hosteleiros e de restauración poidan desempeñar a súa actividade de xeito que esta se concilie cos dereitos que asisten a cidadanía e co interese público. Trátase pois de buscar unha regulación acorde para o desenvolvemento da actividade hostaleira e de restauración beneficiosa para os seus negocios e para o ocio e desfrute dos cidadáns, que permita responder dunha forma máis flexible aos posibles cambios que vaian acontecendo e baixo a consideración do espazo público como un espazo de convivencia, que é de todos/as, e no que o uso e desfrute colectivo se encontre garantido. Deste xeito, en caso de conflito entre o uso público e este tipo de aproveitamento, o criterio normativo é a prevalencia da utilización pública e do interese xeral.

En todo caso, o exercicio desta actividade económica accesoria deberá conciliarse có dereito ao descanso das persoas do entorno, polo que a regulación será restritiva, de xeito individualizado, con aquelas instalacións que por distintas circunstancias entren en conflito cos veciños/as do entorno e tamén se establecerán medidas correctoras que permitan unha resposta máis áxil ante a constatación de molestias procedentes do ruído dunha terraza.

En relación ao aspecto estético, esta ordenanza supón a oportunidade para mellorar a imaxe das terrazas, adecuando a estética das instalacións, harmonizando o deseño e a calidade e procurando adecuar a estética das instalacións ao entorno dos seus emprazamentos co obxecto de dotar dun atractivo singular os espazos públicos do noso Concello.

Por último, as Ordenanzas, como preceptos xurídicos que son e como expresión da potestade regulamentaría, deben garantir os dereitos e intereses xerais, ao fin de lograr á convivencia pacífica dos cidadáns, pero tamén é preciso que conteñan unha regulación axeitada aos novos tempos que permita xerar un avance positivo e innovador para a vila. Por iso, dende o Concello, formulouse esta Ordenanza cun punto de vista integral e adaptado aos novos tempos que garante non só os dereitos e os intereses xerais dos nosos cidadáns senón que tamén permite aos hosteleiros/as e os/as titulares de restaurantes realizar un aproveitamento que sen dúbida xerará tanto para eles/elas como para a vila un efecto moi positivo.

## TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

### *Artigo 1.—Obxecto e ámbito de aplicación.*

1.- A presente ordenanza ten por obxecto regular o réxime técnico, estético e xurídico ao que debe someterse o aproveitamento que se produce en terreos de dominio público ou de titularidade privada e uso público, mediante a ocupación temporal con terrazas alleas a establecementos hosteleiros ou de restauración debidamente autorizados e que constitúan complemento da actividade que se ven exercendo con carácter permanente no interior de ditos locais, sempre que a actividade se realice dentro do termo municipal do Concello de Salceda de Caselas.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

Aqueles terreos de dominio público sobre os que recaian competencias doutras administracións públicas, sobre os que se pretendan situar as instalacións anteriormente referidas, suxeitaranse ás determinacións da presente ordenanza, sen prexuízo das propias condicións que impoñan ditas administracións no ámbito das súas respectivas competencias.

2.- Esta Ordenanza non será de aplicación aos actos de ocupación do dominio público de carácter hostaleiro e de restauración (v. gr. instalación de postos, barracas, casetas de venta etc.) que se realicen con motivo da celebración de festas locais, festas populares, festas patronais, feiras, actividades deportivas, culturais, gastronómicas e análogas, que se rexerán polas súas normas específicas.

3. Non son obxecto desta Ordenanza a instalación de quioscos ou instalacións permanentes en espazos exteriores de dominio público municipal. Ditas ocupacións suxeitaranse á previa concesión administrativa.

Non obstante o anterior, a presente ordenanza seralle de aplicación supletoria á instalación de terrazas por estes establecementos, en todo o que non se opoña á súa normativa específica ou non sexa incompatible coa súa natureza.

#### *Artigo 2.—Definición e tipos de instalacións.*

1.- As terrazas son instalacións accesorias a determinados establecementos polo que non constitúen en si mesmas un uso distinto ou separado ao do establecemento principal, de xeito que non son susceptibles de existir de forma independente ou illada aos mesmos. Polo tanto, o establecemento principal debe contar coas correspondentes licencias para exercer a súa actividade.

2.- Para os efectos desta Ordenanza, entenderase por “terrazza” á instalación temporal, con ou sen peche estable, situada en terreo de dominio público ou en terreo privado de uso público, lindeira ou próxima a un establecemento de hostalería ou restauración debidamente autorizado, na que se poden situar con carácter temporal mesas, cadeiras, parasoles, aparatos de climatización e/ou calefacción, toldos, mamparas, paraventos, testos, soportes para testos e/ou outros elementos de mobiliario auxiliares que, en todo caso, sexan facilmente desmontables, sen barra de servizo distinta á situada no interior do establecemento hostaleiro ou de restauración e na que se exerce unha actividade accesoria a do establecemento principal, funcionando esta como unha zona de extensión ou ampliación da actividade que se exerce con carácter permanente dentro do establecemento principal.

Asimilaranse ao concepto de mesa e cadeiras todos aqueles elementos ou conxunto de elementos mobles facilmente desmontables destinados igualmente a servir de soporte das consumicións e asentos dos clientes.

Cando as condicións da rúa así o estimen oportuno ou as circunstancias o demanden, o equipo técnico do Concello, a fin de garantir o interese público, poderá determinar o tipo, a forma e as medidas máximas das mesas, circunstancias que fará constar debidamente na licenza municipal que se emita ao efecto.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

En calquera caso, nas terrazas soamente poderán realizar a mesma actividade e expender os mesmos produtos que no establecemento ao que estean vencellados.

3.- Os aproveitamentos temporais que son obxecto da presente ordenanza suxeitaranse a algún dos seguintes tipos:

a) Terraza sen peche estable: entendida como o espazo situado en dominio público ou en terreo privado de uso público, lindeiro ou próximo a un establecemento de hostalería ou restauración debidamente autorizado, sen cuberta fixa ou estable e composta por elementos móbiles e facilmente desmontables, onde se exerce unha actividade accesoria á actividade principal do establecemento de hostalería ou restauración e onde se sitúan con carácter temporal mesas, cadeiras, parasoles, toldos, testos, soportes para testos e/ou outros elementos de mobiliario auxiliares que sexan móbiles e facilmente desmontables.

Incluiranse nesta modalidade as instalacións que contén con toldo enrollable á fachada.

b) Terraza con peche estable: entendida como o espazo situado en dominio público ou en terreo privado de uso público, lindeiro ou próximo a un establecemento de hostalería ou restauración debidamente autorizado, con ou sen cuberta fixa ou estable e pechada total ou parcialmente no seu perímetro pero, en todo caso, composta por elementos fixos ou estables e facilmente desmontables, dende se exerce unha actividade accesoria á actividade principal do establecemento de hostalería ou de restauración e onde se sitúan con carácter temporal mesas, cadeiras, parasoles, aparatos de climatización e/ou calefacción, toldos, mamparas, paraventos, testos, soportes para testos e/ou outros elementos de mobiliario auxiliares que sexan móbiles e facilmente desmontables.

Estas terrazas poderanse cubrir con elementos facilmente desmontables pero os seus cerramentos serán fixos ou estables e, en todo caso, facilmente desmontables.

### *Artigo 3.—Normativa aplicable.*

As instalacións reguladas no artigo anterior quedarán suxeitas, ademais, á normativa vixente de protección do patrimonio, accesibilidade e supresión de barreiras, de protección do medio, así como calquera outra normativa que resulte de aplicación, polo que as súas determinacións serán plenamente esixibles aínda cando non se faga referencia expresa a ela nesta Ordenanza.

### *Artigo 4.—Compatibilidade entre o uso público e a ocupación dos espazos públicos mediante a instalación de terrazas.*

1.- A instalación de terrazas nos espazos de uso público é un uso común especial e a súa autorización deberá atender a criterios de compatibilización do uso público coa utilización lucrativa que o establecemento hostaleiro ou de restauración quere levar a cabo; en todo caso, deberán prevalecer o uso público de dito espazo e o interese xeral. En consecuencia, a instalación non suporá un obstáculo para o tránsito peonil, a accesibilidade urbana, nin poderá prexudicar a seguridade ou ó tráfico rodado.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

Para tal efecto, teranse en conta os seguintes valores e criterios:

a) Preferencia do uso común xeral, con especial atención ao tránsito peonil; deberase garantir que as terrazas non diminúan a accesibilidade de todos/as cidadáns/ás aos espazos destinados ao uso público, en condicións de fluidez, comodidade e seguridade.

b) Garantía da seguridade vial.

c) Protección da seguridade cidadá e da tranquilidade pública, en especial contra a contaminación acústica. Para tal efecto, o funcionamento das instalacións deberá respectar o establecido na Ordenanza municipal de ruídos (BOPPO N<sup>o</sup> 225 do 19.11.2008) ou normativa equivalente que a substitúa.

d) Preservación do arboredo e vexetación da paisaxe urbana e dos ambientes e condicións estéticas dos lugares e edificios, aínda que non contén con ningún tipo de protección específica nas lexislacións sectoriais.

e) Protección do uso e dos dereitos e intereses das persoas usuarias dos edificios lindeiros.

f) Garantía do funcionamento dos servizos públicos, en especial os de urxencia.

#### *Artigo 5.—Beneficiarios.*

1.- Estas instalacións temporais poderán autorizárselles aos establecementos de hostalaría ou restauración debidamente autorizados tales como bares, café-bar, cafeterías, restaurantes ou semellantes. Tamén, poderán autorizárselles a establecementos tales como cafés-degustación, xeadarías, chocolatarias e análogos, sempre que dispoñan de espazo con mesas e cadeiras para servizo ao público no interior do local e da correspondente dotación de aseos.

Non obstante, en cada caso estudaranse os condicionantes particulares de cada establecemento, así como a afección ao contorno en que se encontra situado e a súa adecuación ás condicións esixidas pola normativa de carácter ambiental.

2.- Para ter dereito á instalación da terraza é condición imprescindible non ter débedas coa Facenda Municipal así como non ter sancións por incumprimento da normativa sobre ruídos por resolución administrativa firme nos 12 meses anteriores á prestación da solicitude.

3.- Así mesmo, o/a titular da autorización deberá contar cun seguro de responsabilidade civil e de incendios do establecemento principal que deberá estender a súa cobertura aos posibles riscos que puideran derivarse do funcionamento da terraza e de todos os elementos que a compoñen e, en todo caso, será acorde ao aforo total do establecemento, as vías de evacuación, os accesos para o servizo de extinción de incendios, etc. A cobertura da póliza deberá estenderse para a/as temporada/s solicitada/s.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

*Artigo 6.—Título habilitante.*

1.- A instalación de terrazas require a licenza de autorización municipal nos termos recollidos nesta Ordenanza.

2.- As licenzas outorgaranse polo prazo que se sinale e nas condicións das mesmas.

3.- A explotación da terraza realizarase polo/a titular como parte da súa actividade empresarial, correspondendo ao mesmo a totalidade das responsabilidades de calquera índole que da mesma se podan derivar.

4.- As licenzas non poderán ser obxecto de transmisión por ningún medio se non o é conxuntamente coa do establecemento principal, todo elo nos termos contidos no artigo 24.7 desta Ordenanza.

5.- As autorizacións reguladas na presente ordenanza refírense unicamente á ocupación do terreo, polo que o Concello non presta consentimento nin aprobación algunha ás actividades realizadas nin por tanto se responsabiliza dos danos e prexuízos que puideran derivarse do uso das terrazas para as persoas e os bens.

6.- No caso de instalacións que se soliciten en terreos de titularidade privada e uso público deberase acreditar a propiedade ou o título xurídico que habilite para a súa utilización e, para o caso de que non sexa posíbel a súa acreditación, deberase acreditar a autorización da comunidade de propietarios afectada ou dos/as afectados/as.

*Artigo 7.—Competencia para o outorgamento.*

Corresponde a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, a concesión das autorizacións tendo en consideración, especialmente e os efectos da resolución, a complexidade do uso común xeral e especial sobre o solo afectado.

En todo caso, o outorgamento da autorización realizarase á vista das características concretas da vía á que afecte, os usos concorrentes e á normativa aplicable o respecto.

**TÍTULO II.- CONDICIÓNS DE INSTALACIÓN**  
**CAPÍTULO I.- Condicións xerais**

*Artigo 8.—Horario de funcionamento.*

1.- O horario de funcionamento das terrazas será o seguinte:

a) O horario de inicio: será o que corresponda coa licenza de actividade do establecemento.

b) O horario de peche será, con carácter xeral, de luns a xoves ata ás 23:00 horas e de venres a domingo e vésperas de festivo ata ás 00:00 horas. Excepcionalmente, no período comprendido entre o 1 de maio ao 31 de outubro de cada ano o horario de peche será de luns a xoves ata ás 00:00 horas e de venres a domingo e vésperas de festivos ata á 01:00 horas.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

Cando se celebren as festas do Cristo, festa dos callos, o Entroido, o Nadal ou días especialmente sinalados, os horarios de peche ampliaranse unha hora. Asemade, O Concello, previa solicitude do interesado/a, poderá ampliar a licenza de número de mesas para os días de festas locais [festas do Cristo, dos callos, Entroido e Nadal] ou días especialmente sinalados a través de bando municipal.

2.- En ningún caso este horario suporá unha vulneración do establecido na normativa autonómica vixente para os horarios de apertura e peche dos establecementos públicos.

3.- Non obstante o preceptuado no apartado un deste artigo, a autoridade municipal poderá reducir o horario xeral atendendo ás circunstancias de índole sociolóxica, sanitaria, ambiental ou urbanística que puideren concorrer en cada caso concreto ou cando se comprobase que a transmisión de ruídos lles orixinen molestias aos veciños/as e, especialmente, cando o local se sitúe en ámbitos declarados como zonas acusticamente saturadas (ZAS).

Neste caso, a limitación de horario deberase reflectir na autorización como unha condición esencial sen a cal esta non sería concedida e poderase establecer ou modificar con posterioridade mediante unha resolución motivada.

4.- Así mesmo, poderase solicitar que o horario de funcionamento da terraza coincida co da licenza de actividade cando o local se sitúe en contornos exentos de usos residenciais en todas as súas formas; onde non exista risco de perturbación do descanso nocturno.

5.- Os horarios establecidos neste artigo poderán ser modificados, por circunstancias xustificadas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, dentro das marxes que lle concede a lexislación vixente.

6.- Poderán realizarse, mediante bando, modificacións temporais do horario por datas concretas de interese para a cidade (feiras, festivais, eventos, festas etc).

#### *Artigo 9.—Limitacións xerais.*

1.- Algunha das fachadas do establecemento deberá ofrecer frote cara ao espazo proposto para a instalación da terraza.

2.- A colocación de terrazas nas vías públicas deberá, en todo caso, respectar o uso común xeral preferente das mesmas. En consecuencia, non suporán obstáculo para o tránsito peonil nin poderán prexudicar a seguridade deste ou do tráfico rodado.

3.- As terrazas deberán, en todo caso, deixar completamente libre para a súa utilización inmediata:

- A calzada.
- As zonas de aparcamento de vehículos.
- Os accesos a inmobles e a garaxes.
- Vaos para paso de vehículos a inmobles.





Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

- As saídas de emerxencia.
- As paradas de transporte público (v. gr. autobuses, taxis, etc...)
- Pasos de peóns e semáforos.
- Outros espazos que se consideren oportunos en función das condicións urbanísticas, estéticas, de accesibilidade, medioambientais, de tráfico ou outras de interese xeral.

Excepcionalmente, poderase autorizar a instalación de terrazas en ditas zonas pola celebración de determinados eventos.

4.- En ningún caso a instalación da terraza poderá realizarse sobre superficies axardinadas.

5.- As terrazas deberanse integrar co mobiliario urbano existente, de modo que non dificulten ou impidan a visibilidade e o uso correcto dos elementos que xa se encontran instalados na vía pública.

En casos debidamente xustificadas, e a criterio dos servizos técnicos, poderanse desprazar ou recolocar determinados elementos de servizos, equipamentos e/ou mobiliario urbano, sempre que non supoña dano para o espazo público nin prexuízo para o interese xeral. O custo será asumido polo/a interesado/a.

6.- En todo caso, e independentemente do tipo de ocupación de que se trate, deberanse deixar completamente libres para a súa utilización inmediata polos servizos correspondentes:

- as bocas de rego e hidrantes,
- os rexistros de redes de sumidoiros,
- os centros de transformación,
- calquera outro tipo de elemento destinado á prestación de servizos afectos ao interese xeral non mencionado anteriormente.

7.- Non se autorizará a instalación de terrazas cando iso impida totalmente o uso e goce de espazos públicos ou cando poida afectar gravemente ao acceso a edificios públicos ou privados ou os locais comerciais ou de servizos.

Cando a instalación da terraza, aínda afectándolles aos espazos públicos e aos edificios públicos ou privados ou os locais comerciais ou de servizos, resulte autorizable, a autoridade competente poderá establecer na autorización as restricións pertinentes que, en cada caso, haxa que preservar e poderá establecer limitacións específicas relativas á superficie susceptible de ocupación, determinar a disposición da instalación ou o tipo e as características de mobiliario ou dos elementos auxiliares.

8.- Non poderá colocarse ningún elemento de mobiliario que dificulte o acceso a edificios, locais comerciais ou de servizos, pasos de peóns, prazas de aparcadoiro reservadas para persoas con mobilidade reducida, saídas de urxencia, vaos ou pasos de vehículos, paradas de transporte público, nin cando oculten, total ou parcialmente, ou dificulten a visibilidade da sinalización de tráfico ou de tipo informativo.





Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

9.- En calquera caso, respectarase unha distancia suficiente entre os elementos da terraza que se pretenden instalar e calquera outro elemento de equipamento ou mobiliario urbano, tales como: farois, bancos, árbores etc. que garantan a súa función e que permitan os labores de mantemento.

10.- Non se autorizará colocar ningún elemento nas ramplas de acceso a pasos de peóns; deberase garantir o cumprimento das distancias establecidas na normativa de accesibilidade.

11.- A autoridade municipal competente poderá, de maneira suficientemente razoada, denegar a solicitude destas instalacións temporais en calquera dos seguintes supostos:

- Cando o/a solicitante da instalación da terraza non dispoña da licenza correspondente ou esta non se atope en vigor.
- Cando o/a solicitante da instalación da terraza teña débedas coa Facenda Municipal.
- Cando o/a solicitante da instalación da terraza fose sancionado por incumprimento da normativa sobre ruídos por resolución administrativa firme nos últimos 12 meses anteriores á presentación da solicitude.
- Cando se incumpran preceptos esixidos na presente Ordenanza.
- Cando así proceda en virtude dunha norma sectorial. Especialmente, denegarase cando o uso este prohibido por instrumentos de planeamento urbanístico que resulten de aplicación ou cando así proceda conforme ao disposto na lexislación sobre accesibilidade e contaminación acústica.
- Cando se atopen en tramitación expedientes administrativos de disciplina urbanística e/ou contaminación acústica que afecten ao establecemento de hostalería ou restauración.
- Cando a instalación se pretenda realizar en zonas non permitidas pola presente Ordenanza.
- Cando supoña prexuízo para a seguridade viaria (diminución da visibilidade, distracción para o/a condutor/a, etc..) ou dificulte o tráfico dos peóns.
- Cando por particulares características físicas ou por razón do nivel ou intensidade do tránsito peonil, poida resultar inconveniente dende o punto de vista da seguridade das persoas, da súa mobilidade e accesibilidade.
- Cando poida incidir sobre a seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos.
- Cando dificulte a intervención de servizos públicos ou privados en caso de urxencia, tales como bombeiros, ambulancias, etc...
- Cando supoñan deterioro do medio urbano.
- Cando resulten formalmente inadecuadas ou discordantes co seu contorno.
- Cando dificulten a lectura correcta da paisaxe urbana.
- Cando impida ou dificulte gravemente o uso de servizos, equipamentos e/ou mobiliarios urbanos.
- Cando se instalen en xardíns públicos ou comunitarios.
- Calquera outra circunstancia similar de interese público.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

*Artigo 10.—Seguro de responsabilidade civil e de incendios.*

O/a titular da autorización deberá contar cun seguro de responsabilidade civil e de incendios do establecemento principal que deberá estender a súa cobertura aos posibles riscos que puideran derivarse do funcionamento da terraza e de todos os elementos que a compoñen e, en todo caso, será acorde ao aforo total do establecemento, as vías de evacuación, os accesos para o servizo de extinción de incendios, etc... A cobertura da póliza deberá estenderse para a/as temporada/s solicitada/s.

*Artigo 11.—Superficie autorizada.*

A superficie máxima autorizada conformarase polo perímetro exterior total do conxunto de todos os elementos que haxa que instalar dispostos para a prestación de servizo e quedará, así mesmo, delimitada no plano detalle da autorización.

*Artigo 12.—Delimitación da superficie ocupable.*

1.- O Concello, se o considerase necesario por razóns de favorecer o tráfico peonil, de seguridade ou simplemente estéticas, poderá requirir o titular a establecer pola súa conta un sistema de sinalización da superficie máxima de ocupación autorizada.

2.- Dito sistema nunca poderá supor ningún risco para os peóns nin ningún dano ou alteración no espazo público e deberá cumprir coa normativa sobre accesibilidade.

*Artigo 13.—Desenvolvemento lonxitudinal.*

1.- O desenvolvemento lonxitudinal máximo da terraza de cada establecemento, incluídas as súas proteccións laterais no seu caso, non superará o fronte da fachada do local soporte da actividade principal.

2.- Excepcionalmente, a xuízo dos servizos técnicos, poderase permitir que as instalacións superen dito fronte sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Non poderá superar a fachada do edificio propio nin as dos lindeiros.
- Cando o desenvolvemento lonxitudinal teña lugar xunto á fachada, deberase achegar o documento que acredite a conformidade das persoas titulares dos dereitos dos locais ou fincas lindeiras. A acreditación incluírá a manifestación do outorgamento do permiso explícito, expreso e non condicionado, por toda a duración da/s temporada/s en que pretenda instalarse a terraza.
- No caso de instalacións dispostas xunto ao beirado da beirarrúa e cando existan varios establecementos que opten á instalación de terraza, o espazo repartirase, se procede, de forma proporcional á lonxitude das fachadas dos respectivos establecementos.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

*Artigo 14.—Ocupación de beirarrúas.*

1.- A ocupación da beirarrúa establecerase en proporción ao ancho total desta; garantirase sempre un itinerario peonil libre mínimo de 1,80 metros e sen que, en ningún caso, a superficie ocupada pola instalación poida exceder do cincuenta por cento (50%) da súa anchura.

Non obstante o establecido no apartado anterior, o itinerario peonil libre poderá ser reducido, a xuízo dos servizos técnicos, por necesidades especiais.

2.- O ancho mínimo das beirarrúas sobre as que se permite a instalación de terrazas será de 2,50 metros, medidos desde a aliñación oficial á cara exterior do beirado da beirarrúa. Excepcionalmente, e atendendo á intensidade do tránsito peonil da vía, poderanse autorizar en beirarrúas de menos anchura, terrazas formadas unicamente por elementos de dimensións reducidas, tales como mesas altas, mesas altas con dous tallos etc., dispostos en sentido lonxitudinal. En todo caso, debe quedar garantido o cumprimento do itinerario peonil mínimo libre de 1,80 m.

3.- Como regra xeral, a instalación da terraza realizarase nunha soa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinan sen superala en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais lindeiros.

En principio, poden instalarse as mesas na totalidade do largo da fachada do establecemento de hostalería ou restauración se outras circunstancias non o impiden (por exemplo, bocas de rego, hidrantes, rexistros dos distintos servizos, paso de peóns, paradas de autobuses, saídas de emerxencia etc...)

Exceptúanse desta esixencia, as zonas peonís, prazas ou espazos asimilables.

De situarse xunto á fachada, deberá quedar delimitada mediante elementos de protección de carácter móbil e desmontable que lles permitan identificar o obstáculo ás persoas invidentes.

Caso de se situaren en zona límite de beirarrúa con beirado, os elementos da terraza deberanse separar do beirado da beirarrúa, cando menos, 40 cm naqueles supostos en que coincida con prazas de aparcadoiro ou cando así resulte necesario para a seguridade dos viandantes e do tráfico en xeral. A instalación deberá contar, ademais, con elementos de protección que poidan proporcionar a debida seguridade a criterio dos servizos técnicos.

Poderanse autorizar disposicións distintas cando o solicite a persoa interesada e/ou existan razóns especiais que así o aconsellen, as cales deberán ser valoradas, en cada caso, polos servizos técnicos. Nestes casos, só se autorizará a instalación, cando poida situarse a curta distancia do establecemento principal de que dependa, exista un fácil tránsito entre esta e o local e a súa dependencia deste último resulte facilmente recoñecible por calquera usuario da instalación.

4.- Cando as características da rúa, con trazados irregulares e/ou estreitos, impidan a instalación de terraza conforme as condicións xerais, o órgano competente, logo da valoración dos servizos técnicos e da emisión dos informes pertinentes en materia de seguridade e acceso de vehículos de urxencia ou autorizados á rúa, poderá resolver a localización, a superficie que se vai



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

ocupar e demais condicións de instalación segundo as circunstancias dos espazos e, garantindo, en todo caso, o acceso de vehículos de urxencia ou autorizados. Así mesmo, a configuración e os elementos da terraza deben permitir, en calquera caso, a súa rápida retirada da vía pública.

5.- Os titulares dos establecementos hostaleiros ou de restauración radicados nunha determinada área específica poderán elaborar unha proposta global de ordenación para todos eles, que, en todo caso, deberá ser aprobada pola Administración municipal.

6.- Considerarase media mesa aquela que non ten máis de dúas cadeiras.

*Artigo 15.—Ocupación de zonas peonís, con preferencia peonil, prazas ou espazos asimilables.*

1.- Nas zonas peonís, de preferencia peonil, prazas ou espazos asimilables, a instalación da terraza poderá ser obxecto de estudo específico e a súa instalación poderá estudarse de forma global, con atención ás singularidades do lugar, as características e a morfoloxía de cada un dos espazos, o impacto visual, fluxos de persoas e vehículos, permisibilidade para o acceso de servizos públicos, uso principal a que estea destinado e calquera outra circunstancia que poida afectar ao interese público.

2.- No caso de que a terraza impida ou poida impedir o acceso de vehículos de carga e descarga, esta non poderá instalarse durante o horario en que estea permitida a circulación de vehículos para carga e descarga.

3.- En todo caso, garantirase un espazo peonil mínimo e o acceso de vehículos de urxencias e outros vehículos autorizados.

4.- No caso de pretenderse a instalación de terrazas non adosadas á fachada e existindo varias solicitudes de ocupación, á falta de acordo entre os solicitantes, a Administración municipal atribuiralles a cada un deles en proporción aos metros da fachada que dean fronte ao espazo público.

5.- Os/as solicitantes poderán presentar de forma conxunta un proxecto común de ordenación que poderá ser aprobado ou non polo Concello. A súa presentación non vinculará ao Concello.

*Artigo 16.—Condicións de instalación de terrazas con peche estable.*

1.- Este tipo de instalación poderase autorizar, logo da valoración técnica do proxecto presentado polas persoas interesadas, de acordo coas condicións específicas que indiquen en cada suposto os servizos técnicos municipais e coas que se sinalan na presente ordenanza. Estas instalacións, polo seu carácter provisional, deberán ser facilmente desmontables e deberanse procurar solucións homoxéneas.

2.- A alternancia de distintos tipos de terraza (con e sen peche estable) nunha praza, área peonil, en rúas con preferencia peonil ou asimilables estudarase en cada caso e poderanse denegar calquera dos dous tipos, por razóns estéticas.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

3.- Só se autorizarán terrazas con peche, como norma xeral, sen superar a fronte da fachada do establecemento de hostalaría ou restauración ao que lle dá servizo todo elo de acordo co artigo 13 desta ordenanza.

4.- A altura exterior máxima da estrutura será acorde coas condicións do edificio, do contorno e doutras circunstancias e, en calquera caso, a altura interior mínima será de 2,20 metros.

5.- O órgano municipal poderá denegar a solicitude de terraza tipo “con peche estable”, ademais de nos supostos establecidos con carácter xeral, nos seguintes supostos:

- cando resulte formalmente inadecuada ou discordante co seu contorno,
- cando dificulte a lectura correcta da paisaxe urbana

6.- Os criterios estéticos e os materiais axustaranse ao indicado no artigo 19 e 20 da presente ordenanza.

*Artigo 17.—Condicións xerais de uso e mantemento para as terrazas con ou sen peche estable.*

1.- A instalación das terrazas realizarase a partir do horario de inicio da actividade que figure na licenza de actividade do establecemento.

2.- Os parasoles e dotacións de calor, se os houbera, así como os restantes elementos da terraza, non poderán colocarse mediante ancoraxes ao pavimento.

3.- Os elementos que conforman a terraza permanecerán instalados dentro da superficie autorizada e manteranse en condicións adecuadas para o seu uso durante todo o horario de funcionamento establecido nesta ordenanza, sen que resulte posíbel mantelos amontados ou fora de servizo.

4.- As vías ou espazos públicos ocupados pola terraza, así como as propias instalacións débense manter en permanente estado de limpeza correspondendo ao titular da autorización o cumprimento desta obriga.

5.- Procederase á limpeza periódica durante a xornada de todos os residuos que se orixinen pola actividade.

6.- Unha vez rematada a actividade diaria e recollidas as mesas e cadeiras procederase á limpeza xeral da zona autorizada, debendo quedar o espazo ocupado en perfectas condicións de limpeza e hixiene cada noite.

7.- Fóra do horario de funcionamento das terrazas, a vía pública debe quedar libre de elementos da terraza e en condicións de limpeza e hixiene salvo autorización específica para aqueles casos de solicitude de acoramento de mesas de forma permanente autorizadas previamente.

8.- As operacións de recollida das terrazas realizaranse co máximo coidado para minimizar a produción de molestias por ruído que se poidan causar os veciños/as, quedando especificamente prohibido o arrastre dos elementos que as compoñen.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

9.- Fóra do horario de funcionamento, o mobiliario non se poderá situar na vía pública, polo que o titular da licenza deberá contar cun espazo para gardar os elementos que compoñen a terraza.

10.- Non se poderán utilizar bancos, árbores, sinais de tráfico, farois e outros elementos do mobiliario urbano para asegurar ou gardar o mobiliario e outros elementos da terraza.

11.- Os danos ou deterioracións nas instalacións deberán ser corrixidos de forma inmediata se puidesen afectar á seguridade de viandantes e nun prazo de cinco (5) días nos restantes casos.

12.- A autorización da terraza non inclúe a autorización de espectáculos, actuacións musicais, equipos de música ou audiovisuais e, en xeral, a produción de sons en directo ou gravados que requiran, no seu caso, unha autorización específica.

Tampouco se permitirá a instalación na terraza de calquera clase de aparatos reprodutores de imaxe e/ou son, salvo autorización específica.

13.- Non se permitirá a instalación de mostradores de atención ao público ou outros elementos para o servizo da terraza, que deberá ser atendida desde o propio establecemento, salvo autorización específica.

14.- Queda prohibida a instalación de mostradores ou vitrinas expositoras, frigoríficos, cociñas, asadores, máquinas expendedoras de produtos, recreativas, de xogos de azar, billares, futbolíns ou calquera outra de característica análoga.

15.- A instalación na vía pública de reclamos publicitarios, tales como: encerados, atrás, manequíns, soportes para colocar testos, anuncios dos produtos á venda e letreiros de prezos na superficie da vía pública, queda limitada á superficie obxecto de ocupación pola terraza autorizada.

16.- Non se permitirá almacenar ou amontoar produtos ou materiais xunto as terrazas, nin tampouco os residuos propios das instalacións.

#### *Artigo 18.—Condicións da ocupación.*

1. Se colocará unicamente o número de mesas e cadeiras autorizado. Para calquera cambio, deberá presentarse unha nova solicitude e obter a correspondente autorización.

2. As licenzas se concederán en grupos de conxuntos de mesas, sendo de dous (2) o número mínimo de mesas autorizado, para o que será imprescindible dispoñer dun espazo útil suficiente para a instalación destas de acordo ás condicións establecidas.

3. A disposición das mesas será a autorizada na licenza de acordo ó plano municipal que se adxunta como anexo á licenza.

4. O/a titular da actividade colocará no interior do establecemento, nun punto do vidro da fachada próximo á entrada e exposto cara o exterior, a viñeta entregada xunto á licenza, no que se fai constar o nome do establecemento, o número de mesas autorizado e o período de concesión.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

*Artigo 19.—Criterios estéticos xerais e homologacións.*

1.- A terraza deberá ser acorde coas características urbanas da zona onde se sitúe. Os elementos que ocupen o espazo acoutado autorizado para a instalación da terraza tales como: mesas, cadeiras, toldos, parasoles, mamparas, soportes para testos ou outros auxiliares deberán reunir as características que se entendan precisas para a súa función, de material resistente, de fácil limpeza e de boa calidade. Deberán harmonizar entre si e co contorno urbano en que se sitúe en cromatismo, materiais e deseño.

Así mesmo, deberán reunir as debidas condicións de estabilidade e seguridade, sen que polas súas características, uso previsible, disposición ou modo de instalación poidan supor un risco para as persoas usuarias da instalación ou para os viandantes nin para os bens públicos ou privados.

Igualmente, deberán contar con elementos de protección que eviten a xeración de ruídos durante o seu desprazamento ou manexo.

2.- Os criterios de homologación serán determinados polo órgano competente sobre mobiliario urbano e poderanse establecer criterios especiais para ámbitos de protección, plans especiais, PEPRI e áreas específicas e xenéricos para o resto dos ámbitos.

Todos os elementos de mobiliario ao servizo da instalación deberanse someter á homologación para que a instalación poida ser autorizada.

3.- Non se poderán realizar instalacións distintas nin colocarse mobiliario, elementos decorativos ou revestimentos de chan que non estean incluídos expresamente na autorización.

4.- O tipo de mobiliario autorizable, con carácter xeral, así como as características, materiais, cores, condicións de instalación e documentación específica que cómpre presentar coa solicitude etc... figuran no artigo 20 desta ordenanza.

5.- O concello poderá aprobar, mediante un acordo da Xunta de Goberno Local, deseños específicos de mobiliario para as terrazas, para a súa implantación nos sectores que se determinen en función do recoñecemento das diferentes áreas morfolóxicas do consolidado urbano, así como en espazos emblemáticos de interese social ou ambiental.

*Artigo 20.—Criterios estéticos do mobiliario.*

1.- Con independencia dos requisitos individuais que se fixen para os elementos que a seguir se mencionan, a combinación destes deberá ser homoxénea e estar perfectamente integrada no ambiente urbano conforme os criterios dos servizos técnicos.

*A) MATERIAIS PARA OS ELEMENTOS DE MOBILIARIO (MESAS E CADEIRAS)*

Para o cumprimento do requisito de integración, aceptárase o emprego de materiais tales como madeira tratada, aceiro, aluminio, ferro, plástico de deseño atractivo e de boa calidade etc... ou combinacións destes.





Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

Queda prohibido o mobiliario de plástico con escasa presenza estética ou configuración extremadamente básica.

Todos estes elementos estarán dotados de proteccións de goma (neopreno ou similar) para evitar a xeración de ruídos no seu manexo.

### *B) ELEMENTOS DE SOMBRAS (TOLDOS, PARASOLES ETC.)*

En caso de que se pretenda a autorización de toldos ou parasoles asociados á instalación de terraza, a persoa interesada deberá presentar, xunto coa solicitude, as características destes (diseño, cores, materiais, dimensións etc...) e axuntar planos de alzado e planta, así como fotografías en cor ou un catálogo dos ditos elementos, co fin de verificar o cumprimento do disposto no apartado 1 deste artigo.

Os toldos e parasoles serán dunha única cor, preferentemente o beige, ocre, granate, branco, negro ou verde.

Serán admisibles as instalacións de sombra nas formas de enrollable á fachada ou instalación illada.

En ningún caso, estas instalacións impedirán a visibilidade de sinais de tráfico ou de información.

Con carácter excepcional, cando así se solicite e se encuentre xustificado polos servizos técnicos, poderase autorizar a instalación de estruturas para soporte de toldos ou cubertas téxtiles (instalación illada), atendendo ás circunstancias singulares que concorran en cada caso e fixando, así mesmo, os condicionantes que se consideren oportunos para a súa instalación (dimensións, materiais, sistemas de suxeición ou apoios etc...)

Estas estruturas deberán ser móbiles para poder ser recollidas fóra do horario autorizado para a terraza.

#### \* Toldos:

- Queda prohibida a instalación de toldos ancorados ao pavimento.
- Os toldos poderán ser móbiles ou ter un apoio sobre a fachada do/a solicitante previa autorización por escrito do/a propietario/a do local.
- Os toldos serán preferiblemente de material téxtil e terán sempre a posibilidade de seren recollidos mediante unha fácil manobra.
- A altura mínima da súa estrutura será de 2,20 m sen que en ningún caso quede impedida ou restrinxida a visibilidade de sinais de circulación ou calquera outro elemento de seguridade viaria.
- Os toldos serán autorizables sempre que poidan suxeitarse mediante sistemas facilmente desmontables na fachada do edificio onde se sitúa o establecemento.
- Cando o establecemento se encuentre pechado, o toldo deberá permanecer recollido.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

O anterior entenderase de aplicación sen prexuízo do que dispoña a normativa urbanística municipal vixente en cada momento e, en caso de conflito, prevalecerá esta última.

*\* Parasoles:*

Con carácter xeral, só se autorizará a colocación de parasoles facilmente desmontables e suxeitos mediante unha base de suficiente peso, de maneira que non supoña perigo para os usuarios/as e viandantes e que non se produza ningún deterioro do pavimento.

Tanto o voo como o pé de apoio quedarán dentro da superficie autorizada para a terraza e deberán ter unha altura mínima de 2,20 m.

Os parasoles serán de material téxtil ou similar, lisos e terán sempre a posibilidade de seren recollidos mediante unha fácil manobra.

*C) MAMPARAS, CORTAVENTOS E SOPORTES PARA TESTOS*

Poderase permitir a colocación de mamparas, cortaventos e/ou xardineiras divisorias ou delimitadoras, que serán valoradas no momento en que se formule a solicitude correspondente, tendo en consideración a superficie da fachada, a anchura da beirarrúa e calquera outros criterios que permitan obter dita valoración.

Deberán axustarse ás condicións que se especifiquen nos termos da súa autorización e, en todo caso, deberán cumprir o seguinte:

- Deberán permitir, polas súas características, a súa identificación por persoas con discapacidade visual.
- Deberán ser móbiles, para poder ser recollidas nas condicións e no horario fixados no articulado da ordenanza.
- Non poderán, en ningún caso, superar o ancho autorizado para a instalación correspondente.
- Deberán asegurar a súa detección a unha altura mínima de 0,15 metros medidos desde o nivel do chan.
- A altura mínima adaptarase á normativa de accesibilidade.

*\* Mamparas e cortaventos:*

Estes elementos empregaranse tanto para garantir o confort das persoas usuarias das terrazas como para delimitar o seu perímetro exterior.

A súa altura non poderá ser superior a 1,50 m, sempre tomando como referencia o rasante do pavimento.

As mamparas e cortaventos deberán presentar, en todo caso, estabilidade e rixidez suficientes e adecuarse esteticamente ao contorno en que se sitúe a instalación e, en todo caso, logo da aprobación por parte dos servizos técnicos.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

*\* Soportes para testos:*

Empregaranse e potenciaranse non só como elemento decorativo, senón tamén como elemento delimitador e protector das instalacións de terrazas.

A altura máxima, tanto nos elementos delimitadores como nos decorativos, non superará, incluídas as plantacións, 1,50 m.

*D) TARIMAS*

Con carácter xeral, só se autorizará a colocación de tarimas co fin de resolver cuestións tales como a pendente existente no emprazamento da terraza, problemas de accesibilidade ou similares. En calquera caso, as tarimas nunca poderán invadir a sección libre da vía que en cada caso sexa esixible segundo os criterios establecidos e, en todo caso, 1,80 m. Deberá, por tanto, xustificarse na solicitude a necesidade da instalación.

Os modelos e características das tarimas deberán ser aprobados e homologados polos servizos técnicos e deberán, en calquera caso, estar realizados con materiais ignífugos, antiescorregadizos, non oxidantes etc...

Deberán estar dotadas de elementos de protección perimetrais.

Igualmente, se presentará seguro de responsabilidade civil e incendios no cal se inclúa este elemento.

*E) PLATAFORMAS COMO PAVIMENTO*

Como regra xeral, queda prohibido a colocación de plataformas como pavimento das terrazas. Soamente en casos xustificados, o Concello poderá autorizar a colocación das plataformas horizontais como pavimento de terraza que sempre serán desmontables e a disposición do persoal do Concello.

*F) ALFOMBRAS*

Non se autorizará a instalación de alfombras.

*G) SISTEMAS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN.*

Nas terrazas poderanse instalar estufas ou quentadores de baixo consumo e preferentemente de combustible de enerxía renovable e sen que supoñan emisión de ruídos ou cheiros.

En caso da instalación de estufas de gas, os modelos deberán dispoñer obrigatoriamente do marcado CE consonte ao Regulamento (UE) 2016/426 do Parlamento Europeo e do Consello, de 9 de marzo de 2016, sobre aparatos que queiman combustibles gaseosos, así como as instrucións de instalación, mantemento e utilización do fabricante e da normativa referida ao seu mantemento e outros requisitos derivados do tipo de combustible.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

A estrutura da estufa deberá ir protexida cunha carcasa ou similar que impida a manipulación dos elementos que conteñan.

Non se admiten instalacións fixas; deberanse retirar diariamente conforme o horario autorizado.

Tampouco se permite o seu ancoraxe ao pavimento.

En todo caso, calquera instalación destas características deberá ser expresamente sometida a autorización e deberase presentar, ademais, a documentación específica (características técnicas, planos específicos, certificados de homologación da CE, xustificación normativa vixente etc...) Igualmente, deberá presentarse seguro de responsabilidade civil e incendios no que se contemple a cobertura dos riscos derivados da instalación de estufas na terraza.

Dada a existencia de outros elementos de mobiliario urbano e/ou de outras circunstancias que podan afectar de maneira directa ou indirecta á colocación das estufas ou quentadores referidos, poderá denegarse a autorización para a súa instalación de acordo co informe técnico que ao efecto se realice.

As instalacións serán executadas por un instalador autorizado. A revisión da instalación realizarase conforme a normativa de aplicación; o Concello poderá requirir a documentación acreditativa en calquera momento.

Todos os elementos deberán estar homologados conforme a normativa vixente que lles sexa de aplicación e, en particular, para o seu uso en exteriores.

O/a interesado/a deberá dispoñer de extintores adecuados para o tipo de instalación que pretende usar na terraza. Ademais, os extintores deberanse situar nun lugar facilmente accesible.

Ao igual que o resto dos elementos da terraza, deberán contar coa preceptiva homologación estética por parte dos servizos técnicos municipais.

No suposto da renovación da autorización, a declaración a que se refire o artigo 28.2 apartado b) (declaración xurada de que non se modificaron as circunstancias que motivaron o outorgamento da autorización anterior) deberá, ademais, conter referencia ás adaptacións destas instalacións á normativa vixente no momento da renovación.

#### *Artigo 21.—Acoraxes.*

1.- Con carácter xeral, non se permitirá a ancoraxe ao pavimento de ningún elemento da terraza.

2.- Excepcionalmente, e en casos debidamente xustificadas, poderase autorizar a instalación de elementos ancorados. A autorización quedará condicionada ao depósito dunha fianza en garantía do custo de reposición de bens, servizos ou espazos públicos afectados e cuxo importe será determinado polos servizos técnicos.



*Artigo 22.—Publicidade.*

1.- Queda prohibida toda clase de publicidade na instalación de terrazas e en calquera dos seus elementos.

2.- Non se considerará publicidade a inserción do nome comercial ou logotipo do establecemento en toldos con dimensións discretas e estéticas.

Non obstante, o detalle do nome comercial ou logotipo e dimensións deberá someterse ao visto e prace do servizo competente sobre mobiliario.

*TÍTULO IV.- RÉXIME XURÍDICO*

*Artigo 23.—Autorización administrativa.*

1.- A implantación destas instalacións require a previa e preceptiva obtención de licenza municipal nos termos previstos nesta Ordenanza e na normativa sectorial aplicable.

2.- Con anterioridade á instalación das terrazas, o/a titular do establecemento deberá presentar unha solicitude de licenza dirixida ao Concello. En caso de que a terraza se sitúe en dominio público municipal, a licenza incluírá a autorización para a ocupación do dominio público.

3.- As autorizacións administrativas outorgaráselles directamente aos/as peticionarios/as que reúnan as condicións requiridas tras seguir o procedemento establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.- Todas as licenzas outorgaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

5.- O exercicio da actividade desenvolverase a risco e ventura dos/as interesados/as.

6.- O/a petionario/a da licenza non ostenta un dereito preexistente a súa obtención, polo que nin a presentación da solicitude de autorización de ocupación de vía pública nin o pagamento das taxas correspondentes, autorizan ao interesado/a para instalar a terraza.

7.- Prohíbese a instalación de terrazas na vía pública sen licenza municipal. A instalación de terrazas sen a preceptiva autorización ou sen axustarse ás condicións da licenza, poderá dar lugar a inmediata orde de retirada que, de non ser executada voluntariamente polo interesado, executarase subsidiariamente polo Concello, a custe do obrigado, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer.

*Artigo 24.—Natureza da autorización.*

1.- Segundo a clasificación establecida no artigo 75 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xullo polo que se aprobou o Regulamento de Bens das Entidades Locais, o aproveitamento que se leva acabo mediante a instalación de terrazas clasifícase como un uso común especial do dominio público.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

2.- As ocupacións temporais de terreos definidas no artigo 1 desta Ordenanza quedan suxeitas, en todo caso, a previa licenza municipal de conformidade co disposto no artigo 77 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

3.- O seu outorgamento é discrecional, polo que o particular non ostenta dereito algún á concesión da autorización nin a súa renovación.

4.- A autorización é revogable total ou parcialmente, polo que poderá ser revogada unilateralmente pola Administración outorgante en calquera momento, por razóns de interese público e sen xerar dereito a indemnización.

5.- A autorización enténdese outorgada en precario, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e é independente de calquera outras autorizacións e licenzas que sexan esixibles ao establecemento para o exercicio da actividade, de conformidade coa normativa en vigor.

6.- A autorización faculta ao seu titular para realizar o aproveitamento nas condicións concretas con que se outorgou e non lle concede ao seu titular máis dereitos que os propios contidos nesta ordenanza.

7.- Só serán transmisibles conxuntamente coas licenzas urbanísticas dos establecementos aos que estean vinculadas. O antigo e o novo titular deberanlle comunicar esta circunstancia ao Concello, xunto coa presentación da póliza de seguro de responsabilidade civil e incendios en vigor a nome do novo titular. A falta da dita comunicación implica a suxeición de ambos a todas as responsabilidades.

8.- As autorizacións para a instalación de terraza non poderán ser obxecto, en ningún caso, de arrendamento ou cesión independente para a súa explotación. O incumprimento dará lugar á perda de vixencia da autorización.

9.- O exercicio da actividade desenvolverase a risco e ventura dos/as interesados/as.

#### *Artigo 25.—Requisitos para a solicitude.*

1.- Estas instalacións temporais poderán autorizárselles aos establecementos de hostalaría ou restauración debidamente autorizados tales como bares, café-bar, cafetería, restaurantes ou semellantes. Tamén, poderán autorizárselles a establecementos tales como cafés-degustación, xeadarías, chocolatarias, tendas con degustación e análogos, sempre que dispoñan de espazo con mesas e cadeiras para servizo ao público no interior do local e da correspondente dotación de aseos.

Estudaranse en cada caso os condicionantes particulares de cada establecemento, así como a afección ao contorno en que se encontra situado e a súa adecuación ás condicións esixidas pola normativa de carácter ambiental.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

Poderá solicitar a licenza para a instalación da terraza o/a titular da licenza de actividade do establecemento de hostalería ou restauración ao que se pretenda vincular. A licenza de actividade deberá encontrarse en vigor e, ademais, a actividade deberá exercerse de conformidade coas normas urbanísticas e sectoriais que regulan a mesma.

Porén, poderase formular a solicitude sempre e cando se encontre en tramitación, se ben non poderá concederse ata que se estea en posesión da precitada licenza.

2.- Ademais, os titulares da licencia anterior deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Non ter débedas coa Facenda municipal. Circunstancia que será verificada polos servizos municipais correspondentes. A solicitude de utilización do espazo ou a súa renovación faculta a unidade municipal correspondente para verificar a situación concreta da persoa interesada con respecto á súa condición de non debedora con este Concello.

b) Non ter sancións por incumprimento da normativa sobre ruídos por resolución administrativa firme nos 12 meses anteriores á prestación da solicitude. Circunstancia que será verificada polos servizos municipais correspondentes. A solicitude de utilización do espazo ou a súa renovación faculta a unidade municipal correspondente para verificar esta situación.

c) O/a titular da instalación deberá contar cun seguro de responsabilidade civil e de incendios do establecemento principal que deberá estender a súa cobertura aos posibles riscos que puideran derivarse do funcionamento da terraza e de todos os elementos que a compoñen e, en todo caso, será acorde ao aforo total do establecemento, as vías de evacuación, os accesos para o servizo de extinción de incendios, etc. A cobertura da póliza deberá estenderse para a/as temporada/s solicitada/s.

*Artigo 26.—Solicitude de autorización e documentación adxunta.*

1.- As solicitudes presentaranse mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello antes do inicio da temporada/as para a/as que se solicita.

En todo caso, na solicitude farase constar:

a) Nome ou razón social da persoa interesada e, se fora o caso, nome comercial e domicilio do establecemento hostaleiro ao que vai ir asociada a terraza.

b) Especificación de se a instalación que se pretende se sitúa en espazo de dominio público ou privado de uso público, así como o tipo de instalación de terraza.

c) Temporada ou temporadas para a/as que se solicita a autorización. As temporadas para as que se pode solicitar a autorización son as seguintes:

- Temporada de Primavera: meses de MARZO, ABRIL e MAIO.
- Temporada de Verán: meses de XUÑO, XULLO, AGOSTO e SETEMBRO.
- Temporada de Outono e Inverno: meses de OUTUBRO, NOVIEMBRE, DECEMBRO, XANEIRO e FEBREIRO.





Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

En caso de que non se faga constar na solicitude a/as temporadas para a/as que se solicita, a autorización entenderase formulada para todas as temporadas.

2.- As solicitudes que se presenten deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Copia do documento nacional de identidade do/a interesado/a, se fora persoa física, ou do número de identificación fiscal, se fora persoa xurídica.

b) Fotocopia da licenza municipal de actividade do establecemento solicitante ou referencia ao seu expediente de outorgamento. En caso de se encontrar en tramitación, fotocopia da instancia de solicitude correspondente, con expresión de data e número de rexistro de entrada.

c) Memoria descritiva do tipo de ocupación que se vai realizar e relación detallada de todos os elementos de mobiliario e auxiliares que se pretenden instalar. Deberá indicarse: superficie que se vai ocupar, expresada en metros cadrados; elementos de mobiliario, así como a súa clase, natureza, número, dimensións e cores e características técnicas. Conterá fotografías, infografías ou catálogo, no seu caso, das características dos distintos elementos.

A persoa interesada poderá solicitar dispor de diferente mobiliario e de elementos auxiliares no caso de solicitar varias temporadas, se ben deberán comprenderse na solicitude ambas solucións e ser obxecto de autorización. En todo caso, a superficie de ocupación non poderá sufrir ningunha modificación.

d) Documentación fotográfica da fachada do establecemento e do espazo exterior en que se pretenda situar a terraza.

e) Plano de situación ou emprazamento do establecemento (cartografía municipal).

f) Plano de distribución en planta da terraza a escala 1:50 ou 1:100 (tres exemplares) no que se reflecta:

- O fronte da fachada do establecemento e acceso a este.
- Todos os elementos de mobiliario que se pretendan instalar colocados en disposición de servizo ao usuario.
- A superficie total que van ocupar os elementos que compoñen a terraza.
- A xeometría completa.
- As franxas de itinerario peonil libre.
- No caso de precisar tarima a efectos de nivelar o sitio ou para solucionar problemas de accesibilidade ou análogos, sinalarase a zona de vía que se ocupará quedando sempre libre a beirarrúa para o paso de peatóns. En todo caso, deberá xustificarse na solicitude a necesidade da instalación.
- A localización de calquera elemento situado na área de influencia da ocupación e que sexa preciso contemplar á hora de garantir o espazo libre necesario para compatibilizar o resto de usos do espazo público, con indicación da distancia existente entre a terraza e os ditos elementos (pasos de peóns coas súas ramplas



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

de acceso e bandas de identificación, elementos de sinalización e mobiliario e/ ou equipamento urbano, acceso de inmobles lindeiros, saídas de urxencia, vaos, rexistros e arquetas de servizos, paradas de transporte público, árbores, zonas axardinadas etc.).

Toda a información deberá reflectirse convenientemente acoutada e con indicación de escala.

g) Póliza e documento acreditativo da vixencia e de estar ao corrente no pagamento do seguro de responsabilidade civil e incendios a que se refire o artigo 10 da presente ordenanza. A cobertura da póliza deberá estenderse para a/as temporada/s solicitada/s. Recórdase que no caso de incluír na terraza tarima ou aparatos de calefacción, a cobertura do seguro deberá estenderse tamén aos riscos derivados das mesmas.

h) Documento xustificativo do pago da taxa correspondente. O abono da taxa realizarase en calidade de depósito previo. No caso de denegarse a autorización, as/os interesados/as poderán solicitar a devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

Á vista das solicitudes dos/as interesados/as e aos efectos do abono da taxa, liquidaranse as cantidades correspondentes polo período/ temporada que indiquen.

i) Acreditación documental da conformidade dos titulares dos dereitos das fincas ou locais lindeiros no suposto establecido nesta Ordenanza no artigo 13.2 (cando o desenvolvemento lonxitudinal máximo da terraza do establecemento teña lugar xunto á fachada e supere o fronte da fachada).

k) A documentación específica que, no seu caso, se esixa para determinadas instalacións (tarima, calefactores etc.)

3.- Nas terrazas con peche estable, deberase achegar, ademais do establecido nos apartados anteriores, a seguinte documentación:

a) Estudo asinado polo/a técnico/a competente (tres copias) que conterà, en función da complexidade da instalación pretendida:

a.1.) Memoria, na que se incluírá, ademais do indicado no apartado 2.c) deste artigo, unha descrición pormenorizada das características da instalación da terraza e na que se acreditará expresamente o carácter desmontable.

a.2.) Planos: incluíranse tantos planos como sexan necesarios, para a definición en detalle dos elementos que se pretenda instalar. Cando menos, será necesario incluír, en función de cada caso concreto, os seguintes (ademais da indicada no apartado 2.e):

- Planta xeral.
- Plano de planta dos elementos de cubrición superior, no seu caso, no que se reflectan pendentes, puntos de recollida de augas etc...
- Alzados (laterais, frontal e posterior) e seccións.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

- Planos de estrutura, nos que se reflectirá, especificamente, o sistema de suxeición ou apoio, no seu caso.
- Planos de instalacións, se fora o caso.
- Planos de detalles. Presentaranse tantos como fora necesario para permitir a execución correcta da terraza solicitada; prestaráselles especial atención aos detalles de unións e nós entre elementos estruturais.

a.3.) Anexo de cálculo da estrutura, cuxo contido será o establecido na norma vixente de aplicación. Neste documento, incluíranse as esixencias relativas á capacidade portante, aptitude ao servizo, accións e combinacións consideradas, coeficientes de seguridade, comprobación dos estados límites e de estabilidade (empenamento), seguridade fronte á envorcadura, deslizamento e levantamento.

a.4.) Xustificación acerca da instalación pretendida á vixente sobre prevención e extinción de incendios, evacuación, estabilidade e clasificación de produtos en función das súas propiedades de reacción e resistencia ao lume.

Así mesmo, indicárase expresamente, no seu caso, que as instalacións (tales como climatización, iluminación etc.) se proxectan conforme a normativa vixente.

b).-Unha vez realizada a instalación, achegarase un certificado de fin de instalación, asinado polo/a técnico/a competente.

Se a documentación non estiver visada, deberase achegar unha declaración expresa do autor da documentación.

4.- No caso de terrazas situadas en espazos privados de uso público, incluírase, ademais, como documentación específica a acreditación da propiedade ou o título xurídico que habilite para a súa utilización e, no caso de que non sexa posíbel a súa acreditación, deberase acreditar mediante documento acreditativo da autorización dos/as titulares do emprazamento.

En caso de que o titular sexa unha comunidade de propietarios, a autorización para o seu uso deberá estar subscrita polo representante legal desta, mediante un acordo adoptado para tal efecto.

#### *Artigo 27.—Procedemento de tramitación.*

1.- As solicitudes de autorizacións serán tramitadas polo órgano municipal competente, de acordo co establecido na lexislación de réxime local e de procedemento administrativo común.

2.- Unha vez formulada a solicitude nos termos esixidos na presente ordenanza, a unidade encargada da súa tramitación solicitará os informes técnicos e xurídico, así como calquera outro que se considerar procedente, que serán vinculantes no caso de que o seu senso sexa negativo ou establezan condicións de obrigado cumprimento e remitirá a proposta correspondente á concellaría á que fosen delegadas as competencias de resolución nesta materia.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

3.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de un mes.

4.- En todo caso, a instalación da terraza non se poderá realizar ata que non se obteña a autorización expresa.

5.- As resolucións que outorguen a autorización administrativa conterán a seguinte información:

- titular da autorización administrativa e nome ou razón social,
- NIF ou CIF;
- denominación comercial e enderezo do local do establecemento ao que se vincula a terraza;
- extensión da superficie autorizada que se vai ocupar;
- descrición dos elementos que se autoriza instalar, con indicación sucinta das súas características, así como o número de mesas e cadeiras e demais mobiliario auxiliar autorizado,
- período de vixencia da autorización;
- horario de funcionamento da terraza, de ser diferente do establecido con carácter xeral,
- e demais condicións particulares, no seu caso.

Á notificación xuntaráse o plano de detalle que serviu de base para o seu outorgamento, debidamente selado, como parte integrante do título habilitante.

6- No suposto de terrazas tipo con cerramento estable e nas terrazas que consideraren convenientes, no seu caso, os servizos técnicos, unha vez autorizada a instalación e previa ao seu funcionamento, deberanse presentar na Administración municipal: certificado de adecuación da instalación de terraza á autorización concedida, asinado polo/a técnico/a competente.

#### *Artigo 28.—Prórroga.*

1.- Unha vez autorizada a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres o/a interesado/a non presente a declaración de baixa e sempre que manteña renovada a documentación prevista no apartado dous deste artigo.

2.- É obriga do/a titular da autorización para o aproveitamento da terraza renovar antes do inicio da/s temporada/s para as que solicitou a licenza a seguinte documentación:

a. Xustificante de que se encontra en vigor a póliza de responsabilidade civil e incendios con acreditación da cobertura para a terraza para todo o período da/s temporada/s solicitada/s.

b. Declaración xurada de que non se modificaron as circunstancias que motivaron o outorgamento da autorización anterior, con indicación da referencia do expediente.

No caso de ter autorizadas instalacións de quentadores, esta declaración xurada deberá, ademais, conter referencia ás adaptacións destas instalacións á normativa vixente.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

c. No seu caso, acreditación da vixencia da conformidade dos/as titulares lindeiros cando a terraza se sitúe xunto á súa fachada, nos termos establecidos no artigo 26.2. i) desta Ordenanza.

d. No caso de terrazas sitas en espazos de dominio privado e uso público, achegárase, a acreditación da vixencia da conformidade dos/as titulares do emprazamento nos termos do artigo 26.4 desta ordenanza.

A non renovación desta documentación provocará a extinción da autorización.

3.- No suposto de que conorra calquera variación con respecto á última autorización administrativa, deberase solicitar e obter unha nova autorización municipal.

4.- Os servizos municipais comprobarán a esixencia de que o titular non manteña débedas coa Facenda municipal e que non teña sancións por incumprimento da normativa sobre rúidos por resolución administrativa firme nos 12 meses anteriores.

*Artigo 29.—Vixencia das autorizacións e retirada das instalacións.*

1.- A vixencia das autorizacións que se concedan corresponderanse co período de funcionamento autorizado.

2.- Ao remate de cada xornada e do horario autorizado, deberanse retirar do espazo público todos os elementos da terraza.

No en tanto, poderá autorizarse a permanencia do mobiliario da terraza no espazo público ata o horario de pechadura do local, aínda que convenientemente recollido e con indicación de que a terraza atópase fóra de servizo.

*Artigo 30.—Suspensión, modificación e revogación da autorización.*

1.- O incumprimento grave, por parte do/a titular, dos límites e condicións da autorización administrativa poderá dar lugar, con independencia das sancións que puideren proceder, á súa revogación. Consideraranse incumprimentos graves os tipificados como infracción grave e moi grave nesta ordenanza.

2.- En todo momento, as autorizacións administrativas poderán ser revogadas motivadamente por razóns de interese xeral, sen dereito a indemnización. En especial, procederá a revogación cando resultaren incompatibles coas normas ou criterios aprobados con posterioridade; lle produzan danos ao espazo público; impidan a súa utilización para actividades de maior interese público; menoscaben ou dificulten o uso xeral; se alteren os supostos determinantes do seu outorgamento ou sobreveñan circunstancias que, de existiren naquel tempo, xustificáran a denegación.

3.- Polas mesmas razóns e nas mesmas condicións do apartado anterior, a Administración poderá modificar as autorizacións administrativas en canto a localización, extensión, horario ou calquera outro aspecto.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

4.- A autorización poderá quedar suspendida temporalmente; caso en que se ordenará a retirada das instalacións por conta do titular, cando circunstancias de tráfico; situación de urxencia; realización de eventos públicos promovidos ou autorizados polo Concello, así como pola realización de obras de curta duración; esixencias dos servizos públicos ou circunstancia de interese xeral así o aconsellen, e iso sen dereito a ningunha indemnización. A suspensión terá a duración imprescindible e a autorización administrativa recobrará a súa eficacia en canto desaparezan as circunstancias que a xustificaron; en todo caso, sen necesidade de resolución administrativa. Nestes casos, non haberá dereito á devolución de taxas.

5.- Así mesmo, con motivo da execución de obras e/ou servizos públicos ou privados autorizados, o Concello poderá revogar, modificar ou suspender temporalmente a autorización concedida, mediante unha resolución motivada. Nestes casos, non se xerarán ningún tipo de dereitos dos establecementos afectados a ningunha compensación, a excepción do reintegro, no seu caso, da parte proporcional do importe aboado en concepto de taxa municipal polo aproveitamento especial correspondido ao período non utilizado.

6.- A extinción ou suspensión da autorización administrativa de apertura ou peche por calquera causa legal do local ou establecemento desde o que se deba atender a terraza determinarán igualmente a extinción automática ou a suspensión da autorización administrativa de terraza sen necesidade de resolución administrativa.

*Artigo 31.—Medidas correctoras e revogación por molestias por ruído.*

No caso de que se presenten reiteradas queixas ou reclamacións por molestias habituais debidas ao ruído procedente da terraza dun establecemento que impliquen perturbación grave do descanso nocturno e afecten á tranquilidade e ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas e sexan debidamente acreditadas e constatadas pola Policía Local, o Concello poderá, logo da audiencia ao titular da instalación, limitar o horario de funcionamento, así como o número de mesas autorizadas e incluso poderá revogarse a autorización concedida.

No suposto de que, no transcurso dun ano desde que a redución de horario se fixera efectiva, non se producisen máis queixas ou reclamacións por ruído, a persoa titular da autorización poderá solicitar que o horario autorizado para a instalación sexa o que dispón o artigo 8 desta ordenanza.

*Artigo 32.—Obrigas do/a titular da instalación.*

Sen prexuízo de que as obrigas de carácter xeral, e das que se deriven da aplicación da presente ordenanza, será obrigación do titular da instalación:

1.- Respetar as condicións impostas na autorización concedida e os preceptos da presente ordenanza.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

2. Manter, tanto o chan cuxa ocupación se autoriza como a terraza e cada un dos elementos que a compoñen, nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. Para tales efectos, deberase dispor dos elementos correspondentes de recollida e almacenamento de residuos para manter en condicións de limpeza o espazo de uso público.

Ao remate de cada xornada, deberanse realizar as tarefas de limpeza necesarias no chan ocupado.

3. Velar para que os/as usuarios/as non alteren a orde nin realicen actividades ruidosas que lles xeren molestias aos veciños/as ou aos demais usuarios do espazo público.

4.- Na praza do Concello e demais prazas onde se autorice a instalación de terrazas quedarán libres de obstáculos e sen interceptar con mesas e cadeiras o mobiliario urbano, as zonas delimitadas como vial, e en especial, o paso natural de acceso aos locais comerciais, portais de vivendas e garaxes; do mesmo xeito, cumpriranse estas indicacións nas demais rúas municipais nas que se autorice a instalación de terrazas. Nos casos nos que se autorice a instalación de tarima, deixarase libre o paso e sen obstaculizar o tránsito de peóns polas beirarrúas de conformidade co disposto para o caso nesta Ordenanza.

5. Adoptar as previsións necesarias para que os/as usuarios/as da terraza non excedan os límites do espazo autorizado.

6.- Non se permitirá utilizar a vía pública como almacén ou lugar de depósito e amontoamento de mobiliario ou calquera outro elemento, aínda cando se efectúe na porción de espazo público autorizado, xa se produza dentro ou fóra do horario concedido.

7. Retirar, ao termo de cada xornada e do horario autorizado, todos os elementos instalados, que serán recollidos diariamente no interior do local ao que dá servizo a terraza ou nun local habilitado para tal finalidade polo interesado/a, salvo que na autorización se establecese a non obrigatoriedade de recollida de determinados elementos en caso de terraza con cerramento estable.

No seu caso, a dita retirada deberá realizarse no tempo de 30 minutos desde o remate do horario de funcionamento da terraza.

Os toldos deberán permanecer recollidos fóra do horario autorizado.

8.- Deberá prestarse especial dilixencia de coidado durante as tarefas de montaxe, retirada e manexo dos elementos da terraza; non se permitirá arrastralos e minimizarase o ruído que puidera producirse.

9.- Non poderán afectarse bens, obras ou servizos, polo que, se resultara afectado o pavimento ou calquera outro elemento do espazo público con motivo do funcionamento da instalación, será responsable dos danos ocasionados e deberá responder da reposición dos bens ou servizos afectados.





Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

10.- Responder polos danos ocasionados ás persoas ou ás cousas con motivo do funcionamento, instalación e retirada da terraza e durante o período en que se encontre instalada.

11.- O titular da instalación deberá ter en todo momento a disposición dos servizos técnicos e da Policía Local o título habilitante para o exercicio da actividade, así como a resolución de autorización para a terraza, no seu caso, xunto co plano detalle en que conste a superficie de ocupación autorizada, así como os xustificantes da existencia de póliza en vigor do seguro de responsabilidade civil e incendios e de aboamento das taxas municipais, e o certificado técnico de adecuación da instalación á autorización concedida, se proceder.

12.- As instalacións autorizadas deberanse retirar de forma inmediata cando iso sexa necesario para o acceso de vehículos autorizados ou de urxencias, recollida de residuos, rega ou limpeza de rúas e para a prestación de calquera outro servizo público ou de interese xeral que o requira.

13.- De non prorrogarse a vixencia da autorización, o/a titular desta deberá retirar da vía pública todos os elementos da terraza, mobiliario e demais instalacións que foran autorizadas; quedando o espazo público completamente libre para o tránsito peonil. No suposto de incumprimento desta obriga, cumpriráa o Concello, mediante a súa execución subsidiaria por conta do obrigado.

#### *Artigo 33.—Taxas.*

Os aproveitamentos obxecto da presente normativa estarán suxeitos ao pagamento das correspondentes exaccións fiscais, de acordo coas ordenanzas que as regulan.

### *TITULO V.- RÉXIME DE INSPECCIÓN E PROCEDEMENTO SANCIONADOR*

#### *Artigo 34.—Inspección e réxime de actuacións.*

1.- A inspección e control para verificar o cumprimento da presente ordenanza correspóndelles aos funcionarios técnicos do servizo municipal ao que lle corresponde a competencia de autorización na materia e á Policía Local.

Así mesmo, facúltase a Policía Local para que informen aos titulares dos establecementos sobre calquera cuestión que lles afecte ou estean incumprindo e, ao mesmo tempo, remitan informe a Alcaldía para a oportuna tramitación do expediente.

Por resolución do/a alcalde/sa ou por aquelas persoas que dispoñan da preceptiva delegación de funcións, poderán tamén acreditarse funcionarios de calquera outro servizo técnico municipal que poida resultar afectado polas autorizacións reguladas na presente ordenanza, para o exercicio da función de inspección regulada neste artigo.

2.- Cando se detecte a existencia de instalacións que non contén coa preceptiva autorización administrativa ou incumpran o disposto nesta, procederá iniciar un procedemento sancionador, en cuxa resolución se lle esixirá a reposición ao seu estado orixinario da situación alternada, imporáselle ao infractor a sanción que proceda e a indemnización, se procede, polos danos e prexuízos causados.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

3.- Cando, contando a instalación coa preceptiva autorización administrativa, se detecte un incumprimento das súas condicións ou das reguladas na presente ordenanza, de carácter leve e que non comporte un prexuízo grave aos intereses xerais, realizarase a advertencia ou requirimento de corrección por escrito. O incumprimento do requirido no prazo outorgado para o efecto, ou a reincidencia no incumprimento detectado, suporá directamente a apertura do expediente sancionador polos ditos actos.

*Artigo 35.—Réxime sancionador.*

O incumprimento das disposicións da presente ordenanza poderá dar lugar á comisión dalgunha ou varias das infraccións que se recollen nestas, en cuxo caso se tramitará un expediente sancionador para depurar a responsabilidade administrativa en que poida terse incorrido.

*Artigo 36.—Suxeitos responsables.*

Serán responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas titulares das instalacións.

*Artigo 37.—Procedemento sancionador.*

1.- A imposición das sancións establecidas na presente ordenanza requirirá a previa incoación e instrución do procedemento correspondente, o cal se substanciará conforme o disposto na lexislación xeral sobre o procedemento administrativo común e o seu regulamento de desenvolvemento.

2.- A tramitación do pertinente procedemento sancionador levaraa a cabo o servizo que representa a competencia de autorización na materia.

3.- Durante a tramitación dos expedientes sancionadores, poderán adoptarse medidas cautelares, co contido e efectos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses.

*Artigo 38.—Órgano competente.*

1.- A incoación e resolución dos procedementos sancionadores corresponderalle ao órgano municipal competente para conceder a autorización correspondente.

*Artigo 39.—Medidas cautelares.*

Cando a instalación impida ou dificulte notablemente o uso común xeral, perturbe ou supoña perigo de perturbación da seguridade e tranquilidade pública ou supoña calquera outro grave prexuízo aos intereses xerais, unha vez iniciado o procedemento sancionador correspondente, poderá acordarse a adopción de medidas cautelares tales como, entre outras, a retirada das instalacións ilegais ou a suspensión da autorización administrativa para a colocación da terraza.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

O concello poderá adoptar as medidas cautelares que foren necesarias para garantir o cumprimento da presente ordenanza e as esixencias dos intereses xerais, entre outros, nos seguintes supostos:

- Instalación de terraza sen autorización municipal.
- Ocupación de maior superficie da autorizada, coa finalidade de recuperar a dispoñibilidade do espazo público indebidamente ocupado para o desfrute das persoas usuarias.
- Cando, unha vez requirida a persoa titular ou representante para a recollida ou retirada da terraza se incumpra o ordenado pola autoridade municipal ou os seus axentes.

*Artigo 40.—Cumprimento das medidas cautelares e das resolucións ditadas.*

1.- As medidas cautelares adoptadas e as ordes de restablecemento da legalidade ditadas nos expedientes sancionadores tramitados serán inmediatamente executivas, conforme o disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e deberán cumprirse nos prazos establecidos ou, no seu defecto, no prazo de dez días.

2.- O incumprimento polo/la interesado/a das ordes contidas nas medidas cautelares adoptadas ou nas resolucións ditadas para tal efecto, implicará a utilización administrativa dos medios de execución forzosa establecidos nos artigos 99 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo do exercicio das accións de recuperación de oficio e demais prerrogativas municipais que, respecto do dominio público, posúe a Administración.

*Artigo 41.—Almacenaxe de elementos retirados.*

Os elementos retirados subsidiariamente pola Administración municipal serán trasladados aos almacéns habilitados para tal efecto polo Concello, nos que permanecerán, por espazo dun mes, a disposición dos seus titulares, que, con carácter previo á súa recollida, deberán efectuar o importe do custo da execución subsidiaria e a posible sanción. Se os seus titulares non a recollen no prazo disposto, terán a consideración de residuos urbanos e quedarán a disposición da Administración municipal.

*Artigo 42.—Infraccións.*

Constitúen infraccións as accións e omisións que contraveñan a normativa contida nesta ordenanza, así como as condicións concretas a que se suxeiten as correspondentes autorizacións.

Para os efectos do establecido no apartado anterior, terá a consideración de acto independente sancionable cada actuación separada no tempo ou no espazo que resulte contraria ao disposto nesta ordenanza.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

*Artigo 43.—Clasificación das infraccións.*

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1.- Son infraccións leves:

a) O incumprimento da obriga de manter o espazo de uso público onde se emprace a terraza autorizada e cada un dos elementos que a compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato, tanto durante o seu funcionamento como ao termo deste.

b) O deterioro leve dos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou espazo de uso público que se produza como consecuencia do funcionamento da terraza.

c) A ocupación de maior superficie da autorizada cando este exceso non supere o 20%.

d) A colocación ou emprazamento da terraza en disposición diferente da autorizada.

e) A instalación de elementos de mobiliario ou auxiliares non recollidos na autorización e/ou en número maior dos autorizados, sempre que non se supere a superficie de ocupación autorizada.

f) O incumprimento de horario de inicio ou de peche en menos dunha hora.

g) A produción de ruídos durante os labores de montaxe e desmontaxe da terraza.

h) Calquera outra acción ou omisión contraria ás disposicións desta ordenanza non expresamente tipificadas como grave ou moi grave.

2. Son infraccións graves:

a) A instalación dunha terraza carecendo da autorización municipal preceptiva cando sexa posible a súa legalización.

b) A instalación de elementos de mobiliario ou auxiliares non establecidos na autorización e/ou en número maior dos autorizados cando superen a superficie autorizada.

c) A ocupación de maior superficie da autorizada en máis dun 20% e en menos do 50%.

d) O incumprimento de horario de inicio ou de peche en máis dunha hora.

e) O deterioro grave dos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou espazos de uso público que se produza como consecuencia do funcionamento da terraza.

f) O incumprimento da obrigación de retirar e recoller os elementos da terraza, unha vez finalizado o horario de funcionamento e nos termos establecidos na presente ordenanza.

g) A produción de molestias acreditadas aos veciños ou transeúntes, derivadas do funcionamento da instalación, por incumprimento das condicións establecidas.

h) A instalación de suxeicións ou ancoraxes non autorizadas.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

i) A non exhibición da documentación relativa a licenza da terraza aos axentes da autoridade ou servizos técnicos competentes que o requiran.

j) A negativa ou obstaculización ao labor inspector ou desobediencia aos lexítimos requirimentos da Policía Local.

3.-Son infraccións moi graves:

a) A instalación dunha terraza carecendo da preceptiva autorización municipal, cando esta non resulte legalizable.

b) A ocupación dunha superficie maior á autorizada en máis do 50%.

c) O incumprimento de horario de inicio ou de peche en máis dunha hora, cando isto derive nunha perturbación da convivencia que lle afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas.

d) A produción de molestias acreditadas e graves aos veciños/as ou transeúntes derivadas do funcionamento da instalación por incumprimento reiterado e grave das condicións establecidas.

e) A desobediencia reiterada aos lexítimos requirimentos da Policía Local.

f) A carencia de seguro de responsabilidade civil e de incendios do establecemento hostaleiro ou de restauración.

g) O incumprimento das condicións técnicas de instalación ou outras condicións específicas que se recollen no documento da autorización.

h) O incumprimento da orde de suspensión ou retirada inmediata da instalación, cando diso derive unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata ou directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas ou dificulte o uso ou o funcionamento de servizos públicos ou de interese xeral ou supoña un deterioro grave de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou espazo de uso público.

i) A ocultación, manipulación ou falsificación dos datos ou da documentación presentada para a obtención da autorización correspondente.

j) Non desmontar as instalacións, unha vez finalizado o período de vixencia da autorización ou cando fora requirido pola autoridade municipal.

#### *Artigo 44.—Sancións.*

1.- As citadas infraccións serán sancionadas da seguinte forma:

a) as infraccións leves con multa de 200 ata 500 euros.

b) as infraccións graves con multa de 501 ata 900 euros.

c) as infraccións moi graves con multa de 901 ata 1.500 euros.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

2.- A comisión de infraccións graves e moi graves poderá levar aparellada como accesoria a imposición da sanción de revogación da autorización municipal e a comisión de infraccións moi graves tamén a de inhabilitación para a obtención de futuras autorizacións reguladas por esta ordenanza, durante o prazo máximo dun ano.

3.- A sanción é independente e compatible coa legalización da instalación, se proceder, así como coa liquidación da taxa pola ocupación non autorizada e recargos que procedan, no seu caso.

*Artigo 45.—Circunstancias modificativas da responsabilidade.*

Para a modulación das sancións, teranse en conta a existencia de intencionalidade ou reiteración na conduta infractora, a natureza dos prexuízos causados, a reincidencia na comisión da infracción e o beneficio obtido nesta. Considérase que existe reincidencia do infractor cando este cometa unha nova infracción da mesma natureza sen que transcorresen dous anos desde a comisión da anterior declarada mediante unha resolución firme.

Terá a consideración de circunstancia atenuante da responsabilidade, a adopción espontánea, por parte do autor da infracción, de medidas correctoras con anterioridade á incoación do expediente sancionador.

*Artigo 46.—Prescrición.*

As infraccións leves prescriben aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

As sancións impostas por infraccións leves prescriben ao ano; as sancións por infraccións graves aos dous anos; e as sancións por infraccións moi graves prescriben aos tres anos.

O cómputo do prazo de prescrición e a súa interrupción realizarase conforme o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

*Artigo 47.—Reposición da legalidade. Compatibilidade.*

As responsabilidades administrativas que resulten do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como a indemnización polos danos e perdas causados.

Sen prexuízo do exercicio da potestade sancionadora e doutras potestades recoñecidas polo ordenamento xurídico, o incumprimento dos preceptos desta ordenanza poderá dar lugar á adopción das medidas que resulten procedentes co fin de restablecer a legalidade infrinxida.

Nos supostos en que o Concello comprobe a instalación de terrazas sen contar coa autorización preceptiva para iso, esixirase a inmediata orde de retirada; de non retiralas os/as titulares do establecemento, será persoal municipal quen as retire por conta dos/as interesados/as, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer.



Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

Nos casos de colocación de elementos de mobiliario e auxiliares non recollidos na autorización e/ou en número maior dos autorizados por temporada, poderán ser obxecto de liquidación o importe correspondente á temporada en que se estea exercendo a actividade, e establecerase a obrigaón de retirada inmediata dos elementos de mobiliario e auxiliares non autorizados ou que excedan do número autorizado inicialmente sen prexuízo das sancións que proceda impoñer.

Nos casos en que se acorde a revogación ou suspensión da autorización por calquera das causas establecidas nesta ordenanza, requirirase ao titular para que retire da vía pública os elementos da terraza no prazo de dez días hábiles, con apercibimento de que, en caso de non cumprir o ordenado, se procederá á execución forzosa, mediante execución subsidiaria por conta do/a obrigado/a.

#### *Artigo 48.—Reclamación das taxas.*

Cando os servizos de inspección detecten a existencia das instalacións reguladas na presente ordenanza, sen autorización administrativa ou incumprimento do disposto nesta, con independencia da imposición de sancións que procedan e da adopción de medidas de restitución da legalidade que resulten pertinentes, realizarase a liquidación e esixencia de pagamento das taxas pendentes de aboamento ou da diferenza entre o importe aboado e o procedente, en función da utilización real do dominio público efectuada correspondente ao período en que se producise o aproveitamento.

O anterior, de acordo co establecido nesta ordenanza, na ordenanza municipal, así como na lexislación de facendas locais e na demais lexislación tributaria que resulte de aplicación, e todo iso sen prexuízo das sancións tributarias que resulten procedentes.

#### *Disposición adicional*

Habílitase a Alcaldía, ou o órgano en quen delegar, para ditar as disposicións ou instrucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente ordenanza.

#### *Disposición transitoria*

As terrazas que se encontren instaladas e autorizadas no momento da entrada en vigor da presente ordenanza terán un prazo de 24 meses para adaptarse a nova normativa.

#### *Disposición derogatoria*

Quedan derogadas cantas normas ou disposicións de igual ou inferior rango sexan incompatibles ou se opoñan ao establecido nesta ordenanza.

#### *Disposición final*

Esta ordenanza entrará en vigor conforme o disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local





Martes, 22 de decembro de 2020

Núm. 246

Contra o presente acordo, poderá interponerse recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:K82D2DFPNK1BL7W

